

AVALIACIÓN DO TRABALLO DE MICROORGANISMOS

Lista de cotexo: todo o que ten que ir no traballo, en base ao cal se poñerá a nota.

Sobre o documento escrito:

(50% da nota)

Presentación do documento:

- Ten portada con título e os nomes dos integrantes.
- Ten índice.
- Ten tódolos apartados que se pedían (poden ter máis ou podemos ter cambiado a orde, como vimos nalgúns casos).
- Ten imaxes de apoio, que axudan a seguir as explicacións.
- Ten as fontes consultadas: webgrafía e bibliografía.
- Non ten faltas de ortografía.
- O texto está xustificado (marxe esquerda e dereita aliñadas).

Información entregada no documento:

- Redacción: claridade das explicacións.
- Orixinalidade: redactado por nós. Nunca un copia/pega.
- Madurez: hai soltura na redacción e no tratamento da información.
- Texto completo: teñen que tratarse tódolos puntos sinalados, de forma completa.

Prazo:

- Está entregado dentro do prazo solicitado (tope 29 de maio se queredes unha primeira revisión, tope o día da presentación se non queredes esa revisión)

Sobre o documento que usaremos na exposición:

(30% da nota)

Formato:

- Hai unha diapositiva de inicio con título e nomes.
- Hai unha diapositiva co índice.
- Hai nas diapositivas un equilibrio entre o texto e as imaxes. Recoméndase pouco texto e imaxes de calidade que acompañen as explicacións (cando sexa posible).
- Hai unha diapositiva de peche coas fontes consultadas.
- Esteticamente é un documento claro pero bonito.
- Non hai faltas de ortografía.

Contidos:

- Información concreta: damos a información que se pedía sen necesidade de escribir textos longos.
- A explicación é clara.
- As imaxes serven de apoio.

Sobre a exposición oral:
(20% da nota)

- Información transmitida: correcta e centrada no tema.
- Orixinalidade da información: a información foi traballada e elaborada, expresando as ideas coas nosas propias palabras.
- Uso da linguaxe: falamos de forma correcta, amena, con ritmo, usando linguaxe científica.
- Podemos levar un esquema, pero **NUNCA** ler o traballo escrito.
- Interacción co auditorio: cando falamos miramos ao público (non só á profesora ou á nada); pódese mesmo interactuar, facendo ou resolvendo preguntas.
- Expresión corporal: non nos abaneamos, nin frotamos as mans, nin ese tipo de tics.